

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN FRANCISCO JAVIER

CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIA: Lingua Castelá, Matemáticas, Lingua Galega, Valores, Plástica, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Inglés, Música, Educación Física e Relixión

DATA: 10 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles das materias da titoría.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Alumando con adaptación curricular.
5. Información e publicidade.
6. Outras especialidades nas cales se desenvolven os estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles son:
 - Inglés
 - Música
 - Educación Física
 - Relixión

Área de Lingua Castelá

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.5. Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	LCB1.5.1. Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.2. Describe, de forma sinxela, persoas, animais obxectos e lugares seguindo unha orde: de arriba a abaixo; de abaixo a arriba
B1.9 Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente.	LCB1.9.3. Utilizar correctamente expresións para situar e ordenar as rutinas: antes, despois, pola mañá, pola noite ...
B2.3. Comprender a funcionalidade de diferentes tipoloxía textuais, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) adaptados a súa idade.	LCB2.3.1. Recoñece a funcionalidade de determinadas tipoloxía textuais: carteis, anuncios, avisos, receitas, normas, instrucións ...
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.2 Identifica diferentes tipos de texto escrito: listas, receitas, narracións, poesía, noticia ...
B3.2. Relacionar códigos verbais e non verbais.	LCB3.2.1. Ilustra de xeito creativo os seus escritos con ilustracións redundantes.
B3.3. Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato (descritivos, narrativos, dialogados) e intencionalidade comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) e coida a presentación	LCB3.3.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios do ámbito escolar e social: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, contos, anécdotas...
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.3. Distingue nome e adxectivo en palabras significativas.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.4. Distingue xénero e número en palabras habituais.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.5. Utiliza adecuadamente os artigos nos textos orais e escritos.
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.2. Establece comparacións entre distintos elementos.
B4.2. Mellorar o coñecemento da lingua e sistematizar a adquisición de vocabulario.	LCB4.2.3. Utiliza diminutivos e aumentativos, en textos orais e escritos.
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza de forma correcta os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
B5.1. Apreciar o valor dos textos literarios sinxelos e utilizar a lectura como fonte de gozo e información	LCB5.1.1. Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil: contos, poesías, cómics, adiviñas...

Área de Matemáticas

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.
B3.1. Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións	MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
B3.2. Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza.	MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.
B3.3. Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida.
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares	MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de esquerda- dereita, diante- detrás, arriba- abaixo, preto- lonxe e próximo- afastado.
B4.1. Interpretar representacións espaciais sinxelas realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares	MTB4.1.2. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a outros puntos de referencia utilizando os conceptos de esquerda- dereita, diante- detrás arriba- abaixo, preto- lonxe e próximo- afastado.
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo	MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

Área de Lingua Galega

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación	LGB2.1.3. Localiza información en textos breves e sinxelos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).
B2.7. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	LGB2.7.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	LGB3.1.2. Elabora pequenos textos con certa coherencia e de xeito creativo.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos.
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita	LGB3.1.6. Compón textos relacionados coa escola: listaxes, descrições e explicacións elementais.
B3.2. Utilizar de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).	LGB3.2.1. Utiliza de xeito guiado estratexias para a produción de textos, respondendo as preguntas de <i>para quen</i> , e <i>que</i> escribir, recoñecendo o tipo de texto (nota, aviso, conto).
B3.3. Elaborar textos moi sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	LGB3.3.1. Elabora textos moi sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic.
B3.5. Utilizar recursos gráficos, como a ilustración, que faciliten a comprensión dos textos.	LGB3.5.1. Ilustra creativamente os seus escritos con imaxes redundantes co seu contido.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua	LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua	LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.

B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
B4.2. Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.

Área de Valores

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Tomar conciencia das emocións, recoñecendo os signos físicos que as poden acompañar.	VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.
B1.4. Desenvolver actitudes para actuar con motivación e responsabilidade.	VSCB1.4.1. Realiza as tarefas seguindo as pautas acordadas
B2.1. Expresar opinións, emocións e estados de ánimo empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal	VSCB2.1.2. Responde preguntas relacionadas con situacións vividas e con imaxes observadas
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.2. Recoñece e explica emocións e estados de ánimo das demais persoas.
B2.3. Comprender a outras persoas, detectar e expresar as súas características e identificar as súas emocións.	VSCB2.3.3. Identifica e comunica as emocións dos e das personaxes en fotografías, pinturas ou películas.
B2.4. Descubrir e comprender as diferenzas entre as persoas, realizar valoracións positivas das súas calidades e facer cumprimentos.	VSCB2.4.2. Identifica necesidades dos seus compañeiros e compañeiras, resalta as súas calidades e emite cumprimentos.
B3.5. Valorar as normas de seguridade viaria.	VSCB3.5.2. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente.

Área de Educación Artística (Educación Plástica)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.4. Identifica e usa as cores aprendidas.
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.6. Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.
B1.3. Describir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	EP1.3.7. Identifica figuras xeométricas básicas.
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.2. Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.
B2.1. Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	EPB2.1.3. Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.
B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.2. Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).
B2.2. Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	EPB2.2.4. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.

Área de Ciencias da Natureza

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade	CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada
B2.2. Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.1. Explica as principais diferenzas entre plantas e animais empregando diferentes soportes.
B3.1. Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	CNB3.1.2. Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno.
B3.2. Observar e identificar, de maneira elemental e en equipo, algún ser vivo no seu medio natural ou na aula e comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando diferentes soportes.	CNB3.2.1. Recolle datos a partir da súa observación e comunícaos empregando diferentes soportes.
B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.
B4.1. Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola
B4.2. Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

Área de Ciencias Sociais

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos.	CSB2.2.1. Describe as características principais do aire e da auga.
B2.3. Recoñecer e valorar a importancia que a auga e o aire teñen para a vida e reflexionar sobre a importancia que o uso responsable ten na súa contorna máis próxima.	CSB2.3.1. Explica, de forma sinxela, a importancia que o uso responsable destes elementos ten na súa contorna máis próxima
B2.4. Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.	CSB2.4.1. Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.
B2.8. Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos.	CSB2.8.1. Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.
B2.9. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima	CSB2.9.1. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima
B3.1. Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	CSB3.1.1. Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
B3.4. Identificar as partes da casa e o uso que se fai nelas e diferenciar entre os diferentes tipos de vivendas que forman a súa contorna.	CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas
B3.5. Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	CSB3.5.1. Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas
B3.6. Coñecer os medios de transporte do seu ámbito, as características fundamentais e os clasifica segundo a súa función e uso.	CSB3.6.1. Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.
B3.7. Observar e discriminar diferentes elementos viarios que deba recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	CSB3.7.1. Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.
B4.2. Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares a través da realización dunha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.	CSB4.2.1. Explica oralmente unha árbore xenealóxica sinxela dos membros da súa familia.
B4.3. Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso do tempo	CSB4.3.1. Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Seguimento semanal do traballo proposto ao alumnado.
	Instrumentos: A través do correo electrónico as familias enviarán as actividades e fichas que se propoñen, en diferentes formatos, ben sexa imaxes ou documentos pdf.
Cualificación final	Teranse en conta os resultados da 1º e 2º avaliación así como as tarefas do 3º trimestre, sempre e cando beneficien ao alumno ou alumna.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Realizárase un plan específico de reforzo e recuperación onde se farán constar as dificultades atopadas nos contidos e competencias.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	As actividades realízanse a través do libro de texto, en formato papel ou dixital, e a través de fichas de reforzo. Tamén se realizan actividades lúdicas e manipulativas para o alumnado como investigacións, xogos ou manualidades.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Mantense unha coordinación entre as familias e o profesorado. De xeito semanal tanto as titoras como os especialistas colgan a proposta de tarefas no blog do centro. As familias que non dispoñen de recursos dixitais pertencen ao programa do concello “Ninguén atrás”, no cal se encargan de imprimir e repartir os materiais ás distintas familias que o necesitan.
Materiais e recursos	Libros de texto tanto en formato papel como en formato dixital. Plataforma E-vocación Santillana Fichas de reforzo dos contidos tratados. Ordenador, tablet, teléfono móbil con conexión a Internet. Tanto por parte do alumnado como do equipo docente Blog do Centro Aplicación “Abalar Móbil” Material funxible que os alumnos e alumnas teñen no seu fogar.

4. ALUMNADO CON ADAPTACIÓN CURRICULAR

Os titores en coordinación co profesorado especialista e de apoio revisan os contidos das adaptacións curriculares das diferentes materias.

Selecciónanse os estándares de aprendizaxe e competencias consideradas imprescindibles para que o alumno supere dita AC.

Flexibilízase o plan de traballo, adecuando a proposta educativa ás necesidades específicas individuais e ás circunstancias familiares e extraordinarias derivadas do estado de alarma, con especial atención ao aspecto emocional derivado do estado de confinamento.

Cóidase especialmente o benestar do alumno, tendo en conta o seu ritmo e capacidade de traballo autónomo, os recursos técnicos e materiais de que dispón e as posibilidades de apoio por parte das familias, evitando sobrecargar ao alumno con tarefas.

Empréganse **metodoloxías** e recursos lúdicos, empregando no posible recursos dixitais adaptados á situación e á dificultade de compensar no entorno familiar a falta do traballo presencial do especialista.

De cara a **avaliación final**, valorarase o grao de desenvolvemento acadado polo alumno no presente curso, marcado pola declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, concretando os criterios de avaliación en función dos estándares considerados imprescindibles e tomando como base as aprendizaxes realizadas no primeiro e segundo trimestre.

Recolleranse no **informe individualizado** aqueles estándares de aprendizaxe e competencias da AC non acadados ou non traballados * por mor das circunstancias extraordinarias deste curso, e teranse en conta para retomalos na do vindeiro curso 2020-21.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Abalar Móbil, páxina web do centro, correo electrónico e teléfono persoal.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none">▪ B1.1. Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	<p>PLEB1.1. Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.</p> <p>PLEB1.2. Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>
<ul style="list-style-type: none">▪ B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas,—utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	<p>PLEB4.1. Escribse palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>
<p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.3. Escribse frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura</p>

B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.

PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: A avaliación será global, continua e formativa para detectar avances e tamén posibles atrasos que se poidan dar e realizarse través do traballo semanal do alumnado e da comunicación establecida entre o mesmo e o equipo docente.</p>
	<p>Instrumentos: Análise dos exercicios realizados polos nenos e nenas que se reciben a través do correo electrónico. Interese por aprender e participar nas tarefas.</p>
Cualificación final	<p>Realizase sobre as aprendizaxes desenvolvidas nos dous primeiros trimestres así como as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores sempre e cando se beneficie ao alumnado. Neste sentido obterase a cualificación final a partir da nota do 2º trimestre, tendo en conta a do 1º trimestre e as tarefas realizadas no 3º durante o Estado de Alarma. Todo isto sempre en beneficio do alumno.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación: Terase en conta o traballo dos dous primeiros trimestres e tamén as tarefas do terceiro trimestre que buscarán o reforzo e recuperación da materia.</p>
	<p>Criterios de cualificación: O alumnado que realice ditas tarefas de reforzo e recuperación con aproveitamento e seguindo un ritmo de traballo semanal poderá recuperar a materia. De non recuperala promocionará con dita asignatura e deseñarse un programa de reforzo para o vindeiro curso.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades a levar a cabo son actividades sinxelas de repaso e reforzo e nalgunha ocasión de ampliación da materia traballada ao longo dos trimestres anteriores. Trátase de actividades que buscan o interese por aprender e mellorar as competencias e capacidades dos nenos e nenas así coma o mantemento dun hábito de traballo e estudo.</p> <p>Ao tratarse dunha lingua estranxeira inténtase achegarlle ao alumnado tanto actividades de comprensión e expresión oral como actividades de comprensión e expresión escrita.</p> <p>Ditas actividades só serven para subir nota, e nunca para baixala ou suspender.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Pártese dos coñecementos previos e do máis familiar e próximos aos nenos e nenas.</p> <p>Utilízanse cancións (songs), xogos (games), historias educativas (stories) para motivar ao alumnado.</p> <p>Trátase dunha aprendizaxe globalizada, xa que a maioría das tarefas están relacionadas con outras áreas. Como por exemplo, o repaso dos números coa área de matemáticas ou a realización de debuxos sobre a temática a traballar coa área da educación artística.</p> <p>Semanalmente publícanse as tarefas na páxina web do centro e tamén na aplicación Blinklearning, onde os nenos e nenas teñen material dixital para traballar. Normalmente, recíbense de volta ditos tarefas mediante o correo electrónico.</p> <p>Trabállase en contacto cos titores/as para identificar o alumnado sen conectividade e o motivo da mesma.</p> <p>En canto ao alumnado sen recursos dixitais e/ou tecnolóxicos contan co apoio do programa do concello “Ninguén atrás”, que se encarga de levar as tarefas impresas aos domicilios dos mesmos.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Ordenador, tablet, teléfono móbil con conexión a internet tanto por parte do alumnado coma do equipo docente. -Libros de texto e libros dixitais. -Xogos e recursos educativos (cancións, historias...) -Fichas de traballo. -Páxina web do centro. -Plataforma educativa Blinklearning.

	<ul style="list-style-type: none"> -Programa abalar móbil. -Material funxible da casa do alumnado (folios, lapis, cores...)
--	---

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> -Informarase a través da publicación na páxina web do centro. -Abalar móbil. -Correo electrónico do equipo docente. -Plataforma educativa Blinklearning.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

MÚSICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

CURSO	PRIMEIRO	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	CC.CC
B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter).	EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.	CCEC CAA
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.3. Crea pequenos esquemas rítmicos con brancas, negras e silencio de negra.	CCEC CAA CMCCT

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: - Observación da evolución do alumnado de maneira individualizada a través de vídeos aportados polas familias. - Corrección dixital individualizada de tarefas escritas. - Probas de avaliación, autoavaliación e/ou coavaliación dixitais (formulario individualizado sobre os contidos a avaliar).
	Instrumentos: - Escala de estimación.
Cualificación final	Teranse en conta os resultados da primeira e segunda avaliación, así como as tarefas do terceiro trimestre sempre e cando beneficien ao alumno-a.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Non hai alumnado coa materia pendente.
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Explicativas no blog de aula con indicacións concretas e aportación de recursos audiovisuais para favorecer o bo entendemento dos contidos e a posterior realización da tarefa.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Alumnado con conectividade: Comunicativa co alumnado a través das explicacións do blog, activa con exercicios cos que experimentan por eles mesmos-as ritmos e melodías, participativa na súa aprendizaxe de maneira individual a través do traballo a partires das explicacións previas.</p> <p>Alumnado sen conectividade: Comunicativa co alumnado a través de indicacións impresas e participativa na súa aprendizaxe de maneira individual a través do traballo con exercicios en formato papel.</p> <p>Tanto ao alumnado con conectividade como ao alumnado sen conectividade recomendouselle desde o primeiro momento a entrega semanal de cada tarefa por correo electrónico, con vistas a poder levar un seguemento na súa evolución de cara á avaliación do terceiro trimestre.</p>
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - Blog de aula www.musicavitaminica.blogspot.com. - Caderno de Música. - Aplicación de gamificación Class Dojo.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Para avisos xerais a toda a clase, a través da persoa titora do grupo, que contacta a través da aplicación Abalar Móbil. Para información sobre as tarefas a través da páxina web do centro no apartado do se grupo-clase. Para información específica de cada tarefa e o todo o referente aos envíos das mesmas o medio é o blog de aula. Para as correccións e indicacións personalizadas emprégase o correo electrónico relacionado co blog de aula.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

EDUCACIÓN FÍSICA

Área de Educación Física

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflictivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	-Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable. (EFB 1.1.1) -Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos. (EFB1.1.2)
B1.3.Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas	-Participa activamente nas actividades propostas. (EFB 1.3.1) -Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores. (EFB 1.3.2) -Incorpora nas súas rutinas o coidado e a hixiene do corpo. (EFB 1.3.3) -Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. (EFB 1.3.4)
B2.1.Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	Respecta a diversidade das realidades corporais entre nenos e nenas da clase. (EFB 2.1.1)
B2.2 Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan	-Coñece e identifica as partes do corpo propias. (EFB 2.2.1) -Realiza as actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base se sustentación estable. (EFB2.2.2) -Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos. (EFB 2.2.3)
B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	-Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio. (EFB 3.1.1) -Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias. (EFB 3.1.2) -Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial. (EFB 3.1.3) -Equilibrar o corpo en distintas posturas intentando controlar a tensión, a relaxación e a respiración. (EFB 3.1.4)
B5.1 Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar	Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía. (EFB 5.1.1) -Adopta hábitos alimentarios saudables (EFB 5.1.2) -Inicia a incorporación como axente de saúde da actividade física á súa rutina diaria. (EFB5.1.3)
B5.2 Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da	-Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai

actividade física.	coñecendo e practicando. (EFB 5.2.1)
B6.1 Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	-Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos. (EFB6.1.1) -Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición. (EFB6.1.2)

RELIXIÓN

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1.1. Identificar e valorar a creación como acto de amor de Dios á home.	1.1.1 Coñece, respecta e coida a obra creada.
	1.1.2 Expresa con palabras propias o asombro polo que Deus fai.
1.2. Recoñecer a relación intrínseca entre Deus e o home.	1.2.1 Identifica e enumera os coidados que recibe na súa vida como don de Deus.
1.3. Coñecer que a persoa é un ser capaz de falar con Deus.	1.3.1 Coñece e aprecia a través de modelos bíblicos que o home é capaz de falar con Deus.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Observación directa na aula, traballo individual, traballo en grupo cooperativo, traballo feito polas redes.
	Instrumentos: traballos feitos na clase, a través do ordenador, traballos do libro de texto, probas orais.
Cualificación final	Media da 1ª e 2ª avaliación mais todo o traballo feito na 3ª, sempre para sumar.
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades TIC
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Todos os alumnos na 3º avaliación traballaron desde o ordenador.</u>
Materiais e recursos	Contos, relatos, cancións, actividades interactivas de repaso e reforzo, ,puzles, videos...

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.